

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medios dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa ao reforzamento dos medios materiais e da plantilla de farmacéuticos e farmacéuticas inspectoras de saúde pública da Xunta de Galicia

Exposición de motivos

O día 10 de decembro o persoal farmacéutico inspector de saúde pública manifestouse diante da consellaría de sanidade para reclamar máis persoal e medios que garantan poder realizar axeitadamente o seu traballo e, desta maneira, evitar riscos innecesarios para a saúde pública da cidadanía.

As funcións deste corpo as recolle o decreto 202/2005, do 7 de xullo, polo que se creou a clase de persoal farmacéutico inspector de saúde pública. As súas amplas e importantes funcións se recollen no artigo 6, que abranguen:

- A vixilancia e verificación do cumprimento da lexislación en materia de sanidade ambiental.
- A sanidade escolar.
- A policía sanitaria mortuaria.
- A hixiene alimentaria no ámbito competencial da consellaría de sanidade.
- A información e educación sanitaria.
- A participación nos programas de saúde xestionados pola dirección xeral competente en materia de saúde pública.
- O asesoramento e emisión de informes.

- As actuacións sobre determinados alimentos, bens ou servizos.
- A cumprimentación dos sistemas informativos dos programas de saúde xestionados pola dirección xeral competente en materia de saúde pública.
- A xestión da información dentro do ámbito correspondente.
- A participación na investigación nos abrochos epidémicos.

A práctica da consellaría consistiu nestes anos na redución drástica das inspeccións e análises realizadas por este colectivo, e que na actualidade supón un menor control, ou maior risco, no abastecemento das augas municipais, nos colexios, piscinas, e demais ámbitos da súa competencia.

A febleza de persoal e medios comporta que non haca vixilancia sanitaria fóra do horario laboral deste colectivo e que non se podan organizar quendas de garda para as tardes ou fins de semana.

Nestes últimos tempos vivimos situacións de risco para a saúde pública como aconteceu co caso da auga da traída en Ferrol que chegou a ser declarada non apta para o consumo humano ou os episodios de lexionelose.

A relación de instalacións a inspeccionar supera abrumadoramente a capacidade do colectivo xerando unha fenda pola que se poden colar toda clase de risco para a saúde público.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a reforzar con carácter de urxencia a plantilla e medios materiais do colectivo de persoal farmacéutico inspector de saúde pública, ao obxecto de garantir alomenos a recuperación das actuacións inspectoras, ascales veñen sufrindo minguas dende 2009.

En Compostela, a 11 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 11/12/2015 13:22:14

Eva Solla Fernández na data 11/12/2015 13:22:19